



O obxecto da acreditación de competencias é recoñecer, avaliar e acreditar a competencia adquirida a través da experiencia laboral e outras aprendizaxes non formais.

Ese recoñecemento e avaliación das competencias profesionais adquiridas polas persoas no desenvolvemento do seu traballo ou por outras vías non formais de formación, realízase mediante procedementos que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación. O obxectivo é contribuír ao recoñecemento dos saberes das persoas traballadoras e o fomento da súa aprendizaxe ao longo da vida.

A **convocatoria do proceso de acreditación de competencias profesional adquiridas a través da experiencia laboral para o ano 2014**, na Comunidade Autónoma de Galicia, refírese ás unidades de competencia das familias profesionais de: administración e xestión, artes gráficas, electricidade e electrónica, edificación e obra civil, fabricación mecánica, hostalaría e turismo, industrias alimentarias, informática e comunicacións, instalación e mantemento, madeira e moble, química, sanidade, servizos socioculturais e á comunidade e transporte e mantemento de vehículos.

Requisito, entre outros, para participar no procedemento:

Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar:

- Xustificar polo menos 3 anos de experiencia laboral (cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total) nos últimos 10 para unidades de competencia de niveis II e III; para unidades de competencia de nivel I, deberán xustificar cando menos 2 anos de experiencia laboral (cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total).
- Xustificar, en canto á formación, polo menos 200 horas para unidades de competencia de nivel I ou 300 horas para as unidades de competencia dos niveis II e III, nos últimos 10 anos. Nos casos en que os módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretenda acreditar prevexan unha duración inferior, deberán acreditarse as horas establecidas nestes módulos.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o **21 de febreiro**.

Convocatoria e bases: <http://bit.ly/1hKV0aT>

Oferta de **unidades de competencia** obxecto de acreditación: <http://bit.ly/1apmJy1>

Baremo para determinar a orde de prioridade na admisión de solicitantes, cando existan máis persoas candidatas que prazas: <http://bit.ly/1faT4WP>

O desenvolvemento do procedemento de acreditación de competencias axustarase ao seguinte **calendario**: <http://bit.ly/1f5u6Km>